



## RESOLUCIÓN REITORAL DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA 2012

De acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e modificada pola Lei 4/2007; nos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro; así como na normativa orzamentaria autonómica e estatal, a non aprobación do orzamento anual da Universidade antes do día un de xaneiro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.

Tendo en conta que non se tramitou o orzamento para o ano 2012 pola Reitoría en funcións, RESOLVO:

### 1. Prórroga

Prorrógase o orzamento da Universidade da Coruña do exercicio de 2011 ata a aprobación do orzamento para o ano 2012.

### 2. Contía

A contía do orzamento prorrogado será de cento vinte e nove millóns seiscentos vinte e dous mil catorce euros con trinta e nove céntimos, distribuídos nos seguintes capítulos:

<b>INGRESOS</b>	<b>129.622.014,39</b>
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.229.554,51
Capítulo IV: Transferencias correntes	84.957.781,60
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	990.000,00
Capítulo VII: Transferencias de capital	16.966.275,17
Capítulo VIII: Activos financeiros	6.800.000,00
Capítulo IX: Pasivos financeiros	4.678.403,11
<b>GASTOS</b>	<b>129.622.014,39</b>
Capítulo I: Gastos de persoal	88.608.538,83
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	17.905.694,07
Capítulo III: Gastos financeiros	32.500,00
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.787.490,06
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00
Capítulo VI: Investimentos reais	18.396.500,22
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270,00
Capítulo VIII: Activos financeiros	80.500,00
Capítulo IX: Pasivos financeiros	559.521,21



### 3. Importe do crédito do orzamento prorrogado

O crédito inicial das partidas do orzamento prorrogado será igual ao crédito inicial que tiñan no orzamento de 2011.

### 4. Retencións/reserva de créditos

Con carácter xeral, a todas as partidas que figuran no orzamento inicial se lles aplicará unha retención de crédito do 60% que se formalizará no sistema informático UXXI-E mediante unha reserva de crédito, que debe ser realizada pola unidade administrativa encargada da xestión económica do centro de gasto correspondente, que permanecerá vixente ata a elaboración e aprobación do orzamento de 2012.

Exceptuaranse destas retencións:

- a) As partidas dos capítulos I "Gastos de persoal" e V "Fondo de continxencia".
- b) Nas partidas que soportan compromisos de gasto con vixencia en 2012, deberase facer unha retención do 60% do crédito dispoñible restante despois de lle aplicar ao crédito inicial do exercicio de 2012 os compromisos adquiridos.
- c) Nas partidas con financiamento finalista (proxectos de investigación, convenios etc) disporase do crédito correspondente á anualidade para 2012.

### 5. Normas de execución

Como consecuencia da prórroga, seguen en vigor as normas de execución do orzamento para o 2011 e as complementarias ditadas neste exercicio, en todo o non modificado por esta resolución.

### 6. Incorporacións de crédito

As incorporacións de crédito ao exercicio de 2012 realizaranse conforme ás Instrucións de incorporación que figuran no orzamento de 2011 durante o mes de xaneiro de 2012.

### 7. Apertura do exercicio 2012 e contabilización de gastos

O exercicio económico de 2012 abrirase nos primeiros días de xaneiro de 2012 e desde ese momento poderanse facer as operacións contables necesarias.

### 8. Disposicións adicionais

Son de aplicación as disposicións adicionais contidas nas Bases de execución do orzamento de 2011.

A Coruña, 26 de decembro de 2011

O reitor



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

José María Barja Pérez